

DECRETO

PRIMEIRO TENENTE DE ALCALDESA, ILMO. SR. DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO.

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DESTINADA A DAR COBERTURA Á CONTRATACIÓN DE CUATRO SOCORRISTAS PARA A REALIZACIÓN DA OBRA OU SERVIZO DENOMINADO "VIXIANCIA E SALVAMENTO ACUÁTICO".

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm. 25-2021, por un importe total de 15.748,64 €, dentro do vixente orzamento desta Corporación de 2021, para dar cobertura á - Contratación de cuatro socorristas para a realización da obra ou servizo denominado " VIXIANCIA E SALVAMENTO ACUÁTICO"-, vista resolución da Delegación Territorial de Lugo, Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia pola que concede subvención ao Concello de Lugo por importe de 12.000,00 €.

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal Ref: 2021/1047 de data 25/06/2021, así como RCMOD Ref.: 48182/2021, por importe de 15.748,64 €.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 15.748,64 € euros para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

<u>APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>	<u>APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO</u>	<u>C.P.</u>	<u>IMPORTE €</u>
16210.22799	15.748,64 €	13500.13100 13500.16000	211350001	11.836,92 € 3.911,72 €
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	15.748,64 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO		15.748,64 €

INTERVENCIÓN

MVF/slb

Refª: ispac2881187233344113447.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 25-2021 Salvamento Acuático

SEGUNDO. Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.